



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Ourense
Rúa Pablo Iglesias s/n - Lagunas
Ourense
CP 32004 Ourense
Tfno. 988391047, Fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.es

Conservatorio Profesional de Ourense

Adaptación da programación didáctica

Frauta de bico



Curso 2019-2020



Índice

1. Introducción	3
2. Obxectivos imprescindibles e criterios de avaliación	3
3. Avaliación e cualificación.....	6
4. Probas extraordinarias de setembro.....	6
5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	6
6. Información e publicidade.....	7



1. Introducción

A seguinte adaptación didáctica da materia Fruta de bico do Conservatorio Profesional de Música de Ourense faise seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Durante o curso escolar 2019-2020 están matriculados nesta materia alumnos dos cursos **2º de Grao Elemental, 4º de Grao Elemental e 1º de Grao Profesional**.

2. Obxectivos imprescindibles e criterios de avaliación

Dada a imposibilidade de levar a cabo un seguimento presencial das ensinanza instrumentais é preciso especificar aqueles obxectivos e criterios de avaliación que resultan imprescindibles para poder superar a materia adecuándoos as circunstancias do alumnado e tendo en consideración que a avaliación e cualificación do alumnado se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.

2.1. Obxectivos e criterios de avaliación para 2º de Grao Elemental

Obxectivos	Criterios de avaliación
Desenvolver o funcionamento básico da respiración abdominal e a súa aplicación na técnica instrumental.	Aplica os coñecementos básicos da respiración abdominal á súa técnica instrumental.
Conocer a dicitación da fruta de bico barroca en Fa así como a de Do.	Coñece a dicitación da fruta de bico barroca en Fa así como a de Do.
Desenvolver un son estable e de calidade.	Desenvolve un son estable e de calidade.
Ser capaz de preparar polo menos catro pezas para totalas en público.	Sabe interpretar coa fruta de bico pezas con ritmos axustados ao seu nivel e un ámbito de dúas oitavas, empregando un tempo curto de preparación autónoma. Interpreta as obras traballadas cunha medida correcta e unha pulsación regular. Memorizar pezas de distinta extensión e de



	estrutura sinxela.
Desenvolver unha actitude de compromiso coa súa interpretación.	Amosa unha actitude de compromiso coa materia que permita preparar un repertorio axeitado ao seu nivel para ser presentado en público.
Desenvolver a autonomía no estudo.	Amosa autonomía no traballo individual das pezas.

2.2. Obxectivos e criterios de avaliación para 4º de Grao Elemental

Obxectivos	Criterios de avaliación
Conocer a dixitación cromática nas frautas de bico en Fa e en Do.	Conece a dixitación cromática nas frautas de bico en Fa e en Do.
Interpretar as obras traballadas cunha medida correcta e unha pulsación regular.	Interpreta as obras traballadas cunha medida correcta e unha pulsación regular.
Aplicar as artculacións axeitadas na expresión do carácter das obras.	Aplica as artculacións axeitadas na expresión do carácter das obras.
Comprender e realizar as respiracións axeitadas de acordo co fraseo da obra.	Comprende e realiza as respiracións axeitadas de acordo co fraseo da obra.
Memorizar obras e estudos de distinta extensión e estilo.	Memoriza obras e estudos de distinta extensión e estilo.
Interpretar obras do repertorio renacentista, barroco e contemporáneo.	Interpreta obras do repertorio renacentista, barroco e contemporáneo.
Resolver e asentir no estudo individual as dificultades traballadas na aula.	Resolve e asentir no estudo individual as dificultades traballadas na aula. Desenvolve unha actitude de compromiso coa materia que permita preparar un repertorio axeitado ao seu nivel para ser presentado en público.



2.3. Obxectivos e criterios de avaliación para 1º de Grao Profesional

Obxectivos	Criterios de avaliación
Desenvolver o bo funcionamento progresivo dos factores técnicos básicos aprendidos en cursos anteriores e exercitar a técnica frautística coa práctica de escalas, exercicios de mecanismo e estudos técnicos.	Desenvolve o bo funcionamento progresivo dos factores técnicos básicos aprendidos en cursos anteriores e exercitar a técnica frautística coa practca de escalas, exercicios de mecanismo e estudos tecnicos. Desenvolve a fluidez e a flexibilidade na utlización das distintas artculacións.
Desenvolver un son estable e de calidade.	Desenvolver un son estable e de calidade.
Desenvolver unha acttude de compromiso coa súa interpretacion.	Desenvolver unha actitude de compromiso coa materia que permita preparar un repertorio axeitado ao seu nivel para ser presentado en público.
Ser capaz de interpretar en público unha sonata con baixo contnuo, unha suite, unha peza para frauta soprano e unha peza contemporanea.	Interpretar en público pezas de distntas formas compositivas e dos estilos renacentista, barroco e contemporáneo coas frautas soprano e contralto. Aplicar de xeito correcto os distntos aspectos técnicos da frauta de bico na interpretación das pezas: colocación do instrumento, respiración, artculacións, coidado do son, dixitacións secundarias e utlización do vibrato. Aplicar as ornamentacións axeitadas segundo o estilo da peza que se está a interpretar.



3. Avaliación e cualificación

3.1. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Observación directa do desenvolvemento e o cumprimento dos obxectivos que quedará reflectido no libro do profesor.
- Análise das gravacións enviadas polo alumnado.

3.2. Criterios de cualificación

Cada un dos criterios de avaliación englobarase nun ou máis dos seguintes catro criterios de cualificación. A cada un destes criterios corresponderá a porcentaxe da nota final que se detalla entre parénteses.

- Interpretación (30%).
- Técnica (30%).
- Actitude e interese nas clases (20%).
- Desenvolvemento da autonomía no estudo individual (20%)

4. Probas extraordinarias de setembro

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse as probas extraordinarias de setembro.

1. Os alumnos deberán amosar que acadaron os obxectivos descritos nesta modificación a través da interpretación dun programa que incorpore tres obras de distintos estilos.
2. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.
3. Os criterios de avaliación son os que figuran neste documento.

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

O terceiro trimestre desenvolverase a través de dúas clases semanais de 30 minutos de duración cada unha, a través da aplicación *Cisco Webex Meetings* posta a disposición do profesorado por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o día 27 de marzo de 2020.

Ademais destas sesións, pedirase ao alumnado o envío de gravacións das pezas traballadas nas aulas para, posteriormente comentalas nas aulas e traballar os aspectos que se consideren.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Ourense
Rúa Pablo Iglesias s/n - Lagunas
Ourense
CP 32004 Ourense
Tfno. 988391047, Fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.es

Se traballarán as pezas de conxunto utilizando gravacións feitas previamente, xa sexa polo propio alumnado como polo profesor.

Utilizarase a páxina web creada polo profesor para subir material de acompañamento que sirva para practicar as pezas de repertorio así como para ofrecer material audiovisual que fomente o coñecemento do instrumento e da música.

6. Información e publicidade

Este documento será enviado ás familias e será publicado na páxina web do CMUS de Ourense.